

foi dado sobre a base de que o termo «plurianuais», no parágrafo terceiro, significa que as perspectivas financeiras aplicables a partir do 1 de xaneiro de 2007 e o correspondente acordo interinstitucional terán unha duración idéntica á das perspectivas financeiras actuais.

3. *Declaración de Dinamarca, Alemaña, os Países Baixos e Austria relativa ó artigo 161 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea*

No que se refire á Declaración de Grecia, España e Portugal relativa ó artigo 161 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, Dinamarca, Alemaña, os Países Baixos e Austria declaran que a devandita declaración non ten por efecto prexulga-la acción da Comisión Europea, especialmente o seu dereito de iniciativa.

**21090** *LEI ORGÁNICA 4/2001, do 12 de novembro, reguladora do dereito de petición. («BOE» 272, do 13-11-2001.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O dereito de petición encóntrase recoñecido, como dereito fundamental, no artigo 29 da Constitución española. Este precepto remítelle á lei a regulación do modo en que aquel se ten que exercer e os efectos que produce o seu exercicio.

Ata o de agora foi nunha norma preconstitucional, a Lei do 22 de decembro de 1960, onde se encontraba o seu réxime xurídico, aínda que convenientemente adaptado polos pronunciamentos do Tribunal Constitucional.

Parece chegado o momento de proceder á actualización do desenvolvemento normativo do dereito fundamental de petición desde unha perspectiva constitucional.

Probablemente o seu carácter residual respecto a outros instrumentos de relación entre os cidadáns e os poderes públicos, unido a que a Lei de 1960 contén unha regulación eminentemente técnica de carácter administrativo e, xa que logo, neutral, foron razóns abondadas para manter unha norma preconstitucional en materia de dereitos fundamentais.

Agora ben, non debe pensarse que o de petición é un dereito menor. Desde logo, historicamente non o foi. E no momento actual entronca de maneira adecuada coas tendencias maioritarias que proclaman unha maior participación dos cidadáns, e dos grupos en que se integran, na cousa pública, unha maior implicación nas estruturas institucionais sobre as que se asenta o noso Estado social e democrático de dereito.

Ó abordar de nova planta o desenvolvemento legal dun precepto constitucional no que se recoñece un dereito fundamental é ineludible atende-la construción doutrinal que o Tribunal Constitucional, como intérprete supremo da nosa Carta Magna, estableceu. En consecuencia, esta lei axústase ós pronunciamentos do Alto Tribunal contidos en diversas sentencias e autos, con especial atención á sentencia do 14 de xullo de 1993.

A delimitación do ámbito subxectivo de titulares do dereito de petición realízase extensivamente, entendendo que lle atinxe a calquera persoa natural ou xurídica prescindindo da súa nacionalidade, como canle de expresión en defensa dos intereses lexítimos e como participación cidadá na tarefas públicas, podendo exercerse tanto individual como colectivamente. Tan só se establece a limitación que para os membros das Forzas ou Institutos armados, ou dos corpos sometidos a disciplina militar, se deriva directamente da Constitución, e determina que aqueles só poden exercer-lo dereito individualmente e consonte o disposto na súa lexislación específica.

Como é tradicional nos nosos precedentes legais, así como no dereito comparado, introdúcese a previsión de que do exercicio do dereito non pode derivarse ningún prexuízo para o peticionario, agás cando incorra, con ocasión do seu exercicio, en delito ou falta.

O destinatario da petición pode ser calquera poder público ou autoridade, incluíndo os diferentes poderes e órganos constitucionais, así como tódalas administracións públicas existentes. O ámbito de competencia de cada un dos posibles destinatarios determinará a súa capacidade para atende-las peticións que se lles dirixan.

As peticións poden incorporar unha suxestión, unha iniciativa, unha información, expresar queixas ou súplikas. O seu obxecto, por tanto, caracterízase pola súa amplitude e está referido a calquera asunto de interese xeral, colectivo ou particular. Agora ben, o seu carácter supletorio respecto ós procedementos formais específicos de carácter parlamentario, xudicial ou administrativo obriga a delimita-lo seu ámbito ó estrictamente discrecional ou graciable, a todo aquilo que non deba ser obxecto dun procedemento especialmente regulado.

A regulación do exercicio do dereito de petición debe caracterizarse pola súa sinxeleza e antiformalismo. Aínda que se trata dun dereito que se exerce sempre por escrito, permítese a utilización de calquera medio —con especial atención ó impulso dos de carácter electrónico—, sempre que resulte acreditada a declaración de vontade. En calquera caso, o principio antiformalista obriga a establecer-los requisitos mínimos imprescindibles para o seu exercicio; ademais na liña iniciada pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, óptase por un tratamento amplo no uso das linguas cooficiais naquelas comunidades autónomas en que están estatutariamente recoñecidas, así como pola posibilidade de elixir lugares para o seu exercicio ou presentación.

Sen entrar no detalle da súa tramitación, orientada necesariamente á satisfacción do dereito, a lei presta singular atención ás obrigas dos poderes públicos e autoridades destinatarias das peticións. Nos termos establecidos pola doutrina do Tribunal Constitucional regúlase a obriga dos destinatarios públicos das peticións de dar constancia das recibidas e, agás excepcións tipificadas restrictivamente, a obriga de tramitalas e contestalas adecuadamente, o que constitúe desenvolvemento do contido esencial deste dereito.

En todo caso, existe unha vocación definida cara á efectiva satisfacción do dereito que se manifesta tanto na regulación dos problemas de competencia da institución ou autoridade que deben resolvela, como no réxime de protección xurisdiccional do dereito que, como non pode ser doutra forma, tratándose dun dereito fundamental, goza do tratamento que se deriva do artigo 53.2 da Constitución.

Por último e en recoñecemento obrigado á autonomía organizativa e reguladora remítese ó seu réxime especial

ó exercicio do dereito ante o Congreso, o Senado e as asembleas lexislativas das comunidades autónomas. Por outras razóns, tamén se respecta o específico réxime das queixas ó Defensor do Pobo e institucións análogas das comunidades autónomas.

#### Artigo 1. *Titulares do dereito de petición.*

1. Toda persoa natural ou xurídica, prescindindo da súa nacionalidade, pode exercer-lo dereito de petición, individual ou colectivamente, nos termos e cos efectos establecidos por esta lei e sen que do seu exercicio poida derivarse ningún prexuízo para o peticionario. Emporiso non resultarán exentos de responsabilidade os que con ocasión do exercicio do dereito de petición incorresen en delicto ou falta.

2. Os membros das Forzas ou Institutos armados, ou dos corpos sometidos a disciplina militar, só poderán exercer este dereito individualmente e consonte o disposto na súa lexislación específica.

#### Artigo 2. *Destinatarios.*

O dereito de petición poderá exercerse ante calquera institución pública, administración, ou autoridade, así como ante os órganos de dirección e administración dos organismos e entidades vinculados ou dependentes das administracións públicas, respecto das materias da súa competencia, calquera que sexa o ámbito territorial ou funcional desta.

#### Artigo 3. *Obxecto das peticións.*

As peticións poderán versar sobre calquera asunto ou materia comprendido no ámbito de competencias do destinatario, con independencia de que afecten exclusivamente o peticionario ou sexan de interese colectivo ou xeral.

Non son obxecto deste dereito aquelas solicitudes, queixas ou suxestións para a satisfacción das cales o ordenamento xurídico estableza un procedemento específico distinto ó regulado nesta lei.

#### Artigo 4. *Formalización.*

1. As peticións formularanse por escrito, e poderase utilizar calquera medio, mesmo de carácter electrónico, que permita acreditar a súa autenticidade, e incluírán necesariamente a identidade do solicitante, a nacionalidade se a tiver, o lugar ou o medio elixido para a práctica de notificacións, o obxecto e o destinatario da petición.

2. No caso de peticións colectivas, ademais de cumprirlos requisitos anteriores, serán asinadas por tódolos peticionarios, debendo figurar, xunto á sinatura de cada un deles o seu nome e apelidos.

3. O peticionario poderá dar conta do exercicio do seu dereito a institución ou órgano diferente daquel ante quen dirixiu a petición, remitíndolle copia do escrito sen outro efecto có do seu simple coñecemento.

4. Os peticionarios poderán esixir a confidencialidade dos seus datos.

#### Artigo 5. *Utilización de linguas cooficiais.*

1. No ámbito territorial das comunidades autónomas con estatutos que establezan a cooficialidade lingüística, os peticionarios terán dereito a lles formular as súas peticións á Administración xeral do Estado ou ós organismos públicos vinculados ou dependentes dela en calquera das linguas oficiais e a obter resposta na lingua da súa elección.

2. Naquelas peticións que se dirixan ás institucións autonómicas e entidades locais, o uso da lingua axustarase ó previsto na lexislación autonómica correspondente.

3. A institución, administración ou órgano instructor deberá traducir para o castelán os documentos, expedientes ou partes dos mesmos que deban producir efectos fóra do territorio da comunidade autónoma e os documentos dirixidos ós interesados que así o soliciten expresamente. Se deben producir efectos no territorio dunha comunidade autónoma onde sexa cooficial esa mesma lingua distinta ó castelán, non será precisa a súa tradución.

#### Artigo 6. *Presentación de escritos.*

1. O escrito en que se deduza a petición, e calquera outro documento e comunicación, poderán presentarse ante calquera rexistro ou dependencia admitida para estes efectos pola lexislación reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. A Administración, institución pública ou autoridade que reciba unha petición dará constancia da recepción dela e comunicarllo ó interesado dentro dos dez días seguintes á súa recepción. Esta actuación levaraa a efecto o órgano correspondente de acordo coa norma organizativa de cada entidade.

#### Artigo 7. *Tramitación de peticións. Emenda.*

1. Recibido o escrito de petición, a autoridade ou órgano ó que se dirixa procederá a comprobala súa adecuación ós requisitos previstos por esta lei, logo das dilixencias, comprobacións e asesoramentos que estime pertinentes. Como resultado de tal apreciación deberá declararse a súa inadmisión ou tramitarse a petición correspondente.

2. Se o escrito de petición non reunise os requisitos establecidos no artigo 4, ou non reflectise os datos necesarios coa suficiente claridade, requirirase o peticionario para que emende os defectos advertidos no prazo de quince días co apercibimento de que, se así non o fixese, se considerará que desistiu da súa petición, notificándose entón o seu arquivo con expresión da causa.

3. Así mesmo, poderáselle requirir ó peticionario a achega daqueles datos ou documentos complementarios que consten no seu poder ou a obtención dos cales estea ó seu alcance e que resulten estrictamente imprescindibles para tramitala petición. A non achega de tales datos e documentos non determinará en por si a inadmisibilidade da petición, sen prexuízo dos seus efectos na contestación que finalmente se adopte.

#### Artigo 8. *Inadmisión de peticións.*

Non se admitirán as peticións o obxecto das cales sexa alleo ás atribucións dos poderes públicos, institucións ou organismos a que se dirixan, así como aquelas a resolución das cales deba ampararse nun título específico distinto ó establecido nesta lei que deba ser obxecto dun procedemento parlamentario, administrativo ou dun proceso xudicial.

Tampouco se admitirán aquelas peticións sobre o obxecto das cales exista un procedemento parlamentario, administrativo ou un proceso xudicial xa iniciado, en tanto sobre eles non recaese acordo ou resolución firme.

### Artigo 9. *Declaración de inadmisibilidade. Prazo.*

1. A declaración de inadmisibilidade será sempre motivada e deberá acordarse e notificarse ó peticionario nos corenta e cinco días hábiles seguintes ó de presentación do escrito de petición.

Cando a inadmisión traia causa da existencia no ordenamento xurídico doutros procedementos específicos para a satisfacción do obxecto da petición, a declaración de inadmisión deberá indicar expresamente as disposicións ó amparo das cales deba substanciarse, así como o órgano competente para ela.

2. Noutro caso, entenderase que a petición foi admitida a trámite.

### Artigo 10. *Decisións sobre competencia.*

1. Sempre que a declaración de inadmisibilidade dunha petición se basee na falta de competencia do seu destinatario, este remitiralla á institución, administración ou organismo que estime competente no prazo de dez días e comunicarllo así ó peticionario. Neste caso, os prazos computaranse desde a recepción do escrito, aplicándose o disposto no artigo 6.2.

2. Cando un órgano ou autoridade se estime incompetente para o coñecemento dunha petición remitirá directamente as actuacións ó órgano que considere competente, se ambos pertencesen á mesma institución, administración ou organismo.

### Artigo 11. *Tramitación e contestación de peticións admitidas.*

1. Unha vez admitida a trámite unha petición, a autoridade ou órgano competente estarán obrigados a contestar e a notifica-la contestación no prazo máximo de tres meses contados desde a data da súa presentación. Así mesmo, poderá, se así o considera necesario, convocar aos peticionarios en audiencia especial.

2. Cando a petición se estime fundada, a autoridade ou órgano competente para coñecer dela estará obrigado a atendela e a adoptar-las medidas que estime oportunas co fin de logra-la súa plena efectividade, incluíndo, se é o caso, o impulso dos procedementos necesarios para adoptar unha disposición de carácter xeral.

3. A contestación recollerá, alomenos, os termos nos que a petición foi tomada en consideración por parte da autoridade ou órgano competente e incorporará as razóns e motivos polos que se acorda acceder á petición ou non facelo. En caso de que, como resultado da petición, se adoptase calquera acordo, medida ou resolución específica, agregarase á contestación.

4. A autoridade ou órgano competente poderá acordar, cando o xulgue conveniente, a inserción da contestación no diario oficial que corresponda.

5. Anualmente a autoridade ou órgano competente confeccionará unha memoria de actividades derivadas das peticións recibidas.

### Artigo 12. *Protección xurisdiccional.*

O dereito de petición é susceptible de tutela xudicial mediante as vías establecidas no artigo 53.2 da Constitución, sen prexuízo de calquera outra acción que o peticionario estime procedentes. Poderán ser obxecto de recurso contencioso-administrativo, polo procedemento de protección xurisdiccional dos dereitos fundamentais da persoa, establecido nos artigos 114 e seguintes da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa:

- a) A declaración de inadmisibilidade da petición.
- b) A omisión da obriga de contestar no prazo establecido.
- c) A ausencia na contestación dos requisitos mínimos establecidos no artigo anterior.

#### Disposición adicional primeira. *Réximes especiais.*

1. As peticións dirixidas ó Congreso dos Deputados, ó Senado ou ás asembleas lexislativas das comunidades autónomas tramitaranse de conformidade co establecido nos seus respectivos regulamentos que deberán recoller-la posibilidade de convocar en audiencia especial os peticionarios, se así se considerara oportuno, quedando suxeitas, en todo caso, as decisións que adopten ó réxime de garantías fixado no artigo 42 da Lei orgánica do Tribunal Constitucional.

2. Nos supostos en que unha iniciativa lexislativa popular resultase inadmitida por non cumprir con tódolos requisitos previstos na súa normativa reguladora, por petición dos seus asinantes poderase converter en petición ante as cámaras, nos termos establecidos nos seus respectivos regulamentos.

#### Disposición adicional segunda. *Defensor do Pobo e institucións autonómicas análogas.*

Queda excluída da aplicación desta lei o réxime das queixas dirixidas ó Defensor do Pobo e ás institucións autonómicas de natureza análoga, que se rexerán pola súa lexislación específica.

#### Disposición adicional terceira. *Peticións dos internos nas institucións penitenciarias.*

As peticións formuladas polos internos no ámbito regulado pola Lei orgánica 1/1979, do 26 de setembro, xeral penitenciaria, axustarase ó disposto nela.

#### Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Queda derogada a Lei 92/1960, do 22 de decembro, reguladora do dereito de petición.

2. Así mesmo, quedan derogadas tódalas demais normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan a esta lei orgánica.

#### Disposición derradeira única. *Desenvolvemento e entrada en vigor da lei.*

1. O Goberno e as comunidades autónomas, no ámbito de as súas respectivas competencias, dictarán as disposicións de desenvolvemento e aplicación desta lei orgánica que resulten necesarias.

2. Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 12 de novembro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ